



## DATOS DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

|   |  |
|---|--|
| Concello  | INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO   |
| Código do instrumento de planeamento  | GA12_MP02_PSOAEG   |
| Denominación do instrumento de planeamento  |  |
| Competencia para a aprobación definitiva  | <input type="checkbox"/> Municipal<br><input checked="" type="checkbox"/> Autonómica   |
| Enderezo electrónico no cal figurará o contido íntegro do plan rexistrado á disposición pública | <a href="https://cmatv.xunta.gal/rexistro-de-planeamento-urbanistico-de-galicia">https://cmatv.xunta.gal/rexistro-de-planeamento-urbanistico-de-galicia</a><br><i>E a enderezo electrónico que, de ser o caso, estableza a Administración municipal naqueles casos en que sexa competente para a aprobación definitiva do documento de planeamento</i> |

### EXTRACTO AMBIENTAL

## I.Xustificación da integración no documento de planeamento dos aspectos ambientais

A avaliación ambiental estratéxica ten por obxecto conseguir unha boa integración dos aspectos ambientais no contido dos plans. Tendo en conta as consideracións feitas no documento de alcance e o resultado do proceso de información pública e consultas, a continuación analízanse como se integraron os aspectos ambientais na Modificación Puntual:

#### Ocupación do Territorio/solo

No documento da MP aprobado inicialmente xustifícase a incorporación ao PSOAEG de novas actuacións empresariais argumentando: o esgotamento do solo industrial e a existencia de demanda nalgúns zonas (A Laracha, Carballiño-Maside, Pereiro de Aguiar, Mos); a recuperación como área industrial dunha zona excluída anteriormente do PSOAEG (PLISAN); en compensación pola eliminación doutros parques empresariais (Balaídos en Vigo). A matriz de análise de viabilidade da AIL Tesouro-Portorroibo, nas Pontes, sinala a ausencia de demanda deste solo industrial, non obstante coa súa delimitación preténdese integrar e dar continuidade a un uso e a unhas instalacións xa existentes.

Con respecto ás actuacións xa previstas no actual PSOAEG, nas matrices de análise de viabilidade (plano AAE\_04MATRIZ) queda patente a falta de demanda na actualidade dalgunhas delas. Tratándose dun plan sectorial, no que aínda non está claro en que prazo se van desenvolver as actuacións delimitadas, a súa inclusión no PSOAEG pode estar xustificada por posibles necesidades ou cambios da demanda nos vindeiros anos.

As fichas resumo establecen, de forma só orientadora, a cualificación de sistema de zonas verdes e espazos libres para determinadas zonas dos ámbitos delimitados tendo en conta os valores naturais e culturais así como os corredores fluviais e as zonas inundables ou afectadas pola dinámica hídrica identificados no EsAE. A memoria contempla que nos correspondentes instrumentos de ordenación pormenorizada se concreten estas delimitacións en base a información de máis detalle e de forma coherente coa ordenación pormenorizada e zonificación que se propoña, compatibilizándoas coa funcionalidade da área empresarial e mesmo permitindo a súa integración cos sistemas de comunicación viaria.

En canto ás consideracións realizadas no documento de alcance sobre ámbitos específicos:

- En relación ao PE de Mondariz, o EsAE avaliou unha alternativa de localización á proposta no parque forestal Monte da Lagoa, entre os núcleos de Mondariz Balneario e Mondariz, a carón da estrada PO-254. Esta desbotouse por presentar unha peor integración ambiental pola proximidade do río Xabriña e a ZEC "río Tea" e afectar a masas caducifolias de valor ecolóxico.
- Como alternativa á ampliación do PE do Carballiño no ámbito delimitado no municipio de Maside, avaliouse a delimitación dun único polígono no Carballiño, entre o PE da Uceira e o eixo liña do ferrocarril-estrada N-541. Esta alternativa desbotouse ao considerar que terá un maior impacto social (afecta a máis vivendas) e paisaxístico. Na alternativa de consenso establecéronse zonas verdes ao longo dos canles fluviais xunto con outras medidas no EsAE para minimizar as afeccións o ciclo hídrico e o patrimonio natural.
- No PE de Louredo (Mos e Redondela) excluíuse a zona suroeste do ámbito delimitado no borrador, tal e como se suxería no documento de alcance por tratarse dunha valgada con pendente pronunciada e vexetación de interese ambiental, lindeira cunha área residencial.

#### Ciclo hídrico

##### - Rede fluvial e zonas inundables

Os planos de información territorial e as fichas-resumo aportan información cartográfica de detalle da rede fluvial, zona de fluxo preferente e servidumes conforme á cartografía dispoñible nas confederacións hidrográficas. Ademais, o EsAE





contén como anexo os estudos de inundabilidade realizados dos parques empresariais do Carballiño, preferente e inundables.

Remítese aos futuros instrumentos de ordenación pormenorizada a redacción de estudos hidrolóxicos para definir con detalle a rede fluvial e as zonas inundables nos PE de A Laracha, O Carballiño-Maside, Pereiro de Aguiar, Louredo, PLISAN, Pontecesures e Balaídos (ver apartado 7.4.2 Determinacións sobre o dominio público hidráulico e o recurso auga da Memoria Descritiva).

Excluíuse do ámbito do PE de Louredo (Mos) a zona que afectaba a un corredor fluvial do río Louro. No resto das actuacións empresariais óptase por integrar a rede fluvial nas zonas verdes delimitadas de forma orientativa nas fichas resumo.

O programa de medidas do EsAE establece unha serie de normas adicionais á actual normativa do PSOAEG que favorecen a naturalidade e funcionalidade dos corredores fluviais que se integrarán nos espazos libres e zonas verdes. En particular, revexetar con especies autóctonas potenciais (M10), conservar a vexetación autóctona (M12), prohibir o uso de herbicidas (M15).

Na ACITEC da Costa da Morte, situada nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas, o EsAE identifica terreos hidromorfos, polo que se na ficha-resumo requírese realizar no PIA ou PEOSE un estudo ou caracterización do medio físico e biolóxico centrado na dinámica hídrica e no desenvolvemento de brañas.

Segundo a información recollida por persoal técnico do Servizo SXCAA, o ámbito da ACITEC delimitado abrangue parte dunha zona húmida que conforma a nacente do rego de San Loto que, malia ter sido parcialmente alterada por plantacións forestais, conserva múltiples especies propias de hábitats higróturbosos e de brexeiras húmidas (*Erica tetralix*, *Erica ciliaris*, *Myrica gale*, *Potamogeton sp.*, *Osmunda regalis*, *Molinia caerulea*, entre outras). Ao norte, xa fóra do ámbito, a zona húmida está mellor conservada e se corresponde con hábitats de interese comunitario, algúns posiblemente de carácter prioritario

A EDAR e a rede de saneamento previstas para dar servizo á ACITEC (páx. 76 do Anexo 3. Estudo do recurso auga, da Memoria descritiva) afectan directamente á mencionada zona húmida, atravesando o saneamento a zona mellor conservada situada ao norte do ámbito.

As zonas húmidas son especialmente fráxiles e deben ser obxecto dun tratamento especial, en particular como zonas de recarga de auga, de protección da súa calidade e de mitigación do risco de asolagamento. Sendo así, cómpre adoptar todas as medidas posibles para evitar afeccións á mencionada zona húmida. Suxírese, ademais, valorar a posibilidade de restaurar a zona alterada por plantacións forestais.

#### - Disponibilidade de recursos hídricos e mantemento da calidade das augas do medio receptor

O documento da MP aprobado inicialmente incorpora un estudo do recurso auga (anexo 3 da memoria descritiva) no que se analizan as novas demandas xeradas nos sistemas de abastecemento e saneamento. As fichas-resumo recollen como determinacións vinculantes as solucións propostas para resolver o abastecemento e o saneamento nas distintas áreas industriais. A escala e nivel de detalle das solucións propostas semellan apropiados para un plan sectorial, o cal remite aos futuros PIA (ou PEOSE) unha análise máis detallada, e poden servir de base para que o organismo de bacía avalíe a súa viabilidade.

Segundo a documentación, o desenvolvemento dalgunhas actuacións empresariais esixirá ampliar as captacións de auga existentes. Sendo así, será determinante no contido da declaración ambiental estratéxica o informe que emitan as Administracións hidrolóxicas sobre a existencia dos recursos hídricos necesarios para satisfacer as novas demandas e sobre a protección do dominio público hidráulico.

O informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil conclúe que **non ten impedimento a que a modificación do PSAEG continúe súa tramitación**, facendo referencia a que as cuestións relacionadas co recurso auga ou coa afección ao dominio público que non quedan completamente resoltas, deberán resolverse nos correspondentes instrumentos de ordenación pormenorizada que desenvolvan ao PSOAEG. Completase o apdo. 7.4.2. Da Memoria Descritiva para dar cumprimento ás observacións realizadas dende Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

En relación ás observacións feitas no documento de alcance sobre algúns ámbitos específicos:

- **Ampliación do PE O Carballiño**: A ficha-resumo prevé que no momento de formulación do PIA se incorpore un estudo detallado da situación da infraestrutura no consorcio de augas, verificando a suficiencia do caudal outorgado. Faise referencia á necesidade de ampliar a ETAP e a construción dun novo depósito.
- **Área industrial e loxística do Tesouro-Portorroibo**, nas Pontes; na ficha do sector establécese a obriga de realizar controis de contaminación do solo no momento de remoción de terras, con especial observancia aos procesos de formación de augas acedadas relacionadas coa existencia de piritas. Porén, a formación de augas ácidas a partir de piritas non é un tema de contaminación do solo, senón de contaminación das augas. Coa finalidade de previr este risco é importante que o control se realice sobre a presenza no solo de piritas e que se evite que este mineral quede exposto á acción do aire e da choiva, o que inicia os procesos bioquímicos de oxidación.

#### Patrimonio natural

A parte descritiva do EsAE aporta información de detalle sobre a vexetación, hábitats ou outros elementos naturais de interese existentes nos ámbitos das zonas avaliadas, pero non así a cartografía do plan sectorial.



Porén, as medidas propostas no EsAE e as determinacións e delimitación propostas de zonas verdes e espazos libres nas fichas das actuacións empresariais delimitadas tiveron en conta as principais cuestións relevantes para o medio natural indicadas no documento de alcance, en particular:

- As zonas potenciais do hábitat de interese comunitario de carácter prioritario 91E0\* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*) e terreos higromorfos nos dous ámbitos propostos para ampliar o Parque empresarial do Carballiño intégranse nas zonas verdes. O tratamento destas zonas semella axeitado, xa que vai dirixido a preservar a súa naturalidade.
- Identificouse unha zona húmida de orixe artificial (Coto da Mina) na PLISAN que está naturalizada e que nas determinacións da ficha do parque se propón integrar, xunto coa súa vexetación perimetral, nas zonas verdes. Porén, a cartografía da ficha non a delimita como zona verde, o que entendemos que é un erro documental. Esta charca forma parte como área potencial artificial para o sapoconcho (*Emys orbicularis* L.) e as súas características semellan ser axeitadas para a especie, polo que ademais de conservala é de interese analizar e ter en consideración a súa conectividade ecolóxica. A preservación desta zona húmida, despois da súa análise, non é factible por iso non se incorporou dentro dos espazos libres.
- Con respecto á presenza na contorna do PE do Barco de Valdeorras dunha das últimas poboacións de Galicia de sapo dos esporóns (*Pelobates cultripes*), a zona norte forma parte da terraza aluvial e conforma o seu principal hábitat potencial. A ficha da área propón integrala en estado natural como zona verde e adoptar medidas de ordenación para garantir a protección do hábitat da especie.
- Como medida específica para o ámbito, o EsAE propón eliminar escombros, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación. Porén, esta medida non se incorporou nas determinacións da ficha-resumo do PE. Ademais, e tal como recolle a normativa do proxecto sectorial (M6), suxírese deseñar a dita restauración con criterios que favorezan a conservación da poboación do sapo dos esporóns, por exemplo creando charcas estacionais axeitadas para a reprodución da especie.

Pese a que no EsAE non se aborda especificamente a conectividade ecolóxica, as propostas das medidas do EsAE integradas nas fichas para crear zonas verdes nas contornas fluviais, zonas inundables ou con dinámica hídrica e en torno ao lago das Pontes incorporan aos principais corredores, favorecendo a permeabilidade ecolóxica das áreas empresariais propostas.

En relación ás especies exóticas invasoras, o EsAE, o seu anexo de estudo da paisaxe e as fichas-resumo identifican as principais especies presentes nalgunhas das áreas empresariais delimitadas e integra determinacións destinadas a evitar a súa dispersión e contribuír ao seu control, estando previsto que se definan medidas de detalle nos PIA.

#### Patrimonio cultural

A documentación da MP incorporou mapas nos que se delimitan os bens inventariados do patrimonio cultural afectados polos ámbitos delimitados e os seus contornos de protección.

Con carácter particular, as fichas-resumo dos ámbitos fan as seguintes consideracións concretas para ter en conta nos futuros PIA ou PEOSE:

- PI Lago de Meirama (Cerceda) e AIL O Tesouro-Portorroibo (As Pontes); as prospeccións arqueolóxicas analizarán o posible valor cultural das instalacións industriais existentes no ámbito e decidirán sobre a necesidade ou non de catalogalas.
- PE A Laracha; en base ao resultado da prospección arqueolóxica e etnográfica, estableceranse as medidas de protección necesarias en relacións aos elementos de interese situados en A Torre e Sanmiráns.
- PE Cidade do Moble (A Estrada); establece a necesidade de coidar as vistas dende o camiño antigo e a Ponte Vella de Liñares, para o que se determina a necesidade de conservar a vexetación de valor existente no extremo nordés do sector.
- PE O Valadouro e PE A Estrada-Toedo; determinarase a solución que mellor garanta a protección dos xacementos existentes en base a unha prospección arqueolóxica intensiva, deixando a suficiente reserva de solo sen urbanizar.
- PE de Louredo (Mos); realizarase unha prospección e estableceranse medidas de protección para os túmulos existentes.
- Ampliación da PLISAN (As Neves); realizarase unha prospección arqueolóxica intensiva para analizar a posible existencia de fornos romanos.
- PI de Balaidos (Vigo); determinarase a solución de ordenación para protexer os elementos xa inventariados ou por inventariar.

#### Paisaxe

Realizouse o estudo de paisaxe da MP de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (directriz de paisaxe DX.03).

Para algunhas das áreas propostas, dada a afección a elementos de interese paisaxístico e a proximidade a núcleos de poboación, integráronse as seguintes determinacións específicas nas fichas das áreas:

- Na ampliación do P.E. da Laracha; estableceuse a necesidade de cumprir no PIA coas directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4 das Directrices da Paisaxe de Galicia, garantindo reducir a afección sobre os núcleos de poboación e o solo rústico.





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- Na ampliación do P.E. de Carballiño; o PIA establecerá condicións de integración (directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4) cos bordos de contacto co solo rústico e o núcleo de Dacón, interpoñendo áreas de vexetación autóctona e cuidando a urbanización. Así mesmo, prestará atención a integrar a zona industrial no contexto residencial e de dotacións da zona oeste.
- O novo P.E. de Louredo, en Mos-Redondela; establece a necesidade de cumprir coas directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4, procurando reducir a afección sobre o solo rústico, interpoñendo áreas de vexetación autóctona e cuidando a urbanización na zona de transición cara ao medio rural e ao núcleo de Vilar. Prevese ter en conta na ordenación a calidade das fachadas edificadas e urbanizadas que dan fronte ás estradas nacional e provincial.

### Mobilidade

O EsAE propón como medida para potenciar o uso de modos de transporte alternativos ao vehículo privado motorizado, realizar a conexión cos asentamentos próximos mediante beirarrúas, sendas, etc. que ofrezan unha boa e segura conectividade peonil e, na medida do posible por medio de carril-bici e establecendo zonas habilitadas para paradas de autobús.

### Riscos

O risco por inundación foi analizado na variable “ciclo hídrico”.

A MP2 inclúe nos planos de información os últimos mapas estratéxicos de ruído elaborados polas administracións para as estradas afectadas (índices sonoros Le, Ld, Ln e Lden).

A MP2 establece que os futuros PIA ou PEOSE incorporarán os mapas de ruído das estradas elaborados pola administración e na súa normativa establecerase como requisito previo ao outorgamento da licenza municipal para executar obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas a realización dos estudos necesarios para determinar os niveis sonoros esperables e establecer limitacións á edificabilidade ou a obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios en caso de superarse os límites recomendados, conforme ao disposto na lexislación vixente en materia de ruído. Ademais, as fichas dalgunhas áreas empresariais (como exemplo, Louredo, Balaídos, Pontecesures, O Carballiño-Maside) recollen a necesidade de que os PIA ou PEOSE analicen e establezan determinación para evitar a afección acústica sobre áreas residenciais e dotacionais próximas.

### Atmosfera e cambio climático

No EsAE estímase que a pegada de carbono potencial asociada á MP é de 3.907.873 tn CO<sub>2</sub>/ano. Ademais, prevé que as medidas do apartado “Deseño de medidas” do EsAE permitan mitigar a dita cifra de emisión de gases de efecto invernadoiro.

---

## **II. Xustificación de como se tomaron en consideración no documento de planeamento o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, de ser o caso, as discrepancias xurdidas no proceso.**

---

### **ADECUACIÓN DO INFORME AMBIENTAL NA FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS**

A continuación se amosan os cambios motivados por consideracións ambientais do informe ambiental da MP na fase de información pública e consultas en relación as variables ambientais:

#### Ocupación do Territorio

Os instrumentos de desenvolvemento xustificaran a existencia dunha demanda real de solo, como se reflexa no apartado 7.2 da memoria descritiva.

#### Ciclo hídrico

- Rede fluvial e zonas inundables

Ampliase a zona verde proposta para o ámbito da ACITEC, pola presenza de especies propias de hábitats higrófilos e de breixeiros húmidos (*Erica tetralix*, *Erica ciliaris*, *Myrica gale*, *Potamogeton sp.*, *Osmunda regalis*, *Molinia caerulea*, entre outras).

No EsAE establece que no instrumento de ordenación pormenorizada se estudie a localización da EDAR minimice a afección da zona húmida, que conleve a modificación da ubicación ou o establecemento de medidas preventivas. Ademais no apartado 7.4.2 da memoria descritiva establece unha serie de determinacións sobre o dominio público e o recurso auga.

- Disponibilidade de recursos hídricos e mantemento da calidade das augas do medio receptor

Se elimina a seguinte medida da Área Industrial e Loxística do Tesouro- Portorribo: *Establécese a obriga de realizar controis de contaminación do solo no momento de remoción de terras, con especial observancia aos procesos de formación de augas acidas relacionadas coa existencia de piritas.*





A anterior medida queda substituída pola seguinte medida, tanto nas medidas específicas coma na ficha correspondente: *Realizaranse controis sobre a presenza no solo de piritas e que se evitará que este mineral quede exposto á acción do aire e da choiva, o que inicia os procesos bioquímicos de oxidación.*

#### Patrimonio natural

Valoración positiva con erros documentais, corrixidos na proposta. Inclúese como medida que a restauración das zonas verdes se realice con criterios que favorezan a conservación da poboación do sapo dos esporóns creando, por exemplo, charcas estacionais axeitadas para a reprodución da especie (Barco de Valdeorras).

Incorpórase na ficha-resumo do PE Barco de Valdeorras eliminar escombros, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación.

En relación a preservación da lagoa artificial no ámbito da PLISAN, por ser hábitat potencial do sapoconcho, considerase que **non** é factible a preservación da lagoa artificial (resto da escavación mineira) e propónse o uso industrial sobre eses terreos.

Realízanse correccións no EAE en varios ámbitos, eliminando a consideración de que se sitúan dentro da área de distribución potencial do Plan de recuperación da Escribenta das Canaveiras. Isto débese a inexistencia de zonas húmidas costeiras con vexetación palustre de gran porte.

#### Patrimonio cultural

Valoración positiva

#### Paisaxe

Valoración positiva

#### Mobilidade

Valoración positiva

#### Atmosfera e cambio climático

O cálculo xustifícase no anexo (EAE\_01Anexo\_dx) co grao de incertidumbre existente, ao non contemplarse a ordenación pormenorizada nin poderse concretar a tipoloxía de actividade industrial. Ademais a pegada de carbono redúcese debido a redelimitación dalgúns sectores, acadando 3.317.108 tCO<sub>2</sub>/ano.

Ademais corrixíronse os erros documentais da MP N<sup>o</sup> 2 do PSOAEG. A continuación destácanse os seguintes:

- No plano AAE-04MATRIZ (matrices de análise de viabilidade das actuacións previstas) da cartografía do estudo ambiental estratéxico substituirase un dos apartados denominado "factores socioeconómicos" por "factores físicos".
- Na ficha-resumo do PE O Barco de Valdeorras deixarase claro que os terreos que se propón incorporar á infraestrutura verde de Galicia son os correspondentes ás fases IV e V do actual parque mais os terreos afectados pola zona de fluxo preferente da nova delimitación.

En relación ao ámbito da PLISAN, considerase que **non** é factible a preservación da lagoa artificial (resto da escavación mineira) e propónse o uso industrial sobre eses terreos eliminando a zona verde.

Nas fichas-resumo das actuacións delimitadas en O Carballiño-Maside, Pereiro de Aguiar e Mos-Redondela cómpre corrixir o texto "A ordenación do sector prestará especial atención a deixar na urbanización suficientes elementos verdes captadores de choiva coa finalidade de reducir a superficie permeable e evitar riscos de inundación", xa que se debe tratar de reducir a superficie impermeable.

## INFORMACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

### Consultas

A seguinte táboa resume os organismos que foron consultados e cadanseu pronunciamento no último informe emitido:

|   | Data de solicitude | Data de recepción         | Pronunciamento             |
|---|--------------------|---------------------------|----------------------------|
| Administración do estado  |                    |                           |                            |
| DX Aviación Civil (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana)                           | 19/07/22           | 31/01/23                  | favorable con observacións |
| Demarcación de Estadas do Estado en Galicia (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) | 19/07/22           | 25/10/22<br>(Ud. Ourense) | Sen incidencia             |
| DX Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria                                       | 19/07/22           | 28/03/23                  | Favorable                  |
| Confederación Hidrográfica do Miño-Sil  | 01/09/22           | 12/07/23                  | Favorable con observacións |
| DX Política Enerxética e Minas (M. Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico)           | 01/09/22           | 01/12/22                  | Observacións               |
| DX Telecomunicacións (M. Asuntos Económicos e Transformación Dixital)                   | 01/09/22           | 01/12/22                  | Favorable                  |
| ADIF  | 01/09/22           | 17/11/22                  | Observacións               |





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

|  |          |          |                |
|--|----------|----------|----------------|
| M. Defensa (SDX. Patrimonio)   | 05/09/22 | 31/07/23 | Favorable      |
| Confederación Hidrográfica do Cantábrico   | 16/09/22 | 13/10/22 | Sen incidencia |
| Confederación Hidrográfica do Douro  | 16/09/22 | 15/11/22 | Sen incidencia |
| M. Transición Ecolóxica e o RD (Secretaría Xeral Técnica)                              | 16/09/22 | -        |                |
| M. Transición Ecolóxica e o RD (Secretaría E. Medio Ambiente)                          | 16/09/22 | -        |                |
| M. Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | -        |                |
| M. Asuntos Exteriores (Secretaría Xeral Técnica)                                       | 16/09/22 | -        |                |
| M. Xustiza (Secretaría Xeral Técnica)  | 16/09/22 | -        |                |
| M. Facenda e Función Pública (Secretaría Xeral Técnica)                                | 16/09/22 | 16/11/22 | Sen incidencia |
| M. Interior (Secretaría Xeral Técnica)   | 16/09/22 | 17/10/22 | Sen obxeccións |
| S.E Infraest., Transporte e Vivenda (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana)        | 16/09/22 |          |                |
| Portos do Estado (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana)                           | 16/09/22 | 21/10/22 | Favorable      |
| M. Cultura e Deporte (Subsecretaría)   | 16/09/22 | -        |                |
| M. Cultura e Deporte (Xerencia Infraest. e Equipamentos)                               | 16/09/22 | -        |                |
| M. Traballo e Economía Social (Secretaría Xeral Técnica)                               | 16/09/22 | -        |                |
| M. Industria, Comercio e Turismo (Secretaría Xeral Técnica)                            | 16/09/22 | -        |                |
| M. Sanidade (Secretaría Xeral Técnica)   | 16/09/22 |          |                |
| M. Igualdade (Secretaría Xeral Técnica)  | 16/09/22 |          |                |
| Subdelegación do Goberno na Coruña   | 16/09/22 |          |                |
| Subdelegación do Goberno en Lugo   | 16/09/22 |          |                |
| Subdelegación do Goberno en Ourense  | 16/09/22 |          |                |
| Subdelegación do Goberno en Pontevedra   | 16/09/22 |          |                |

|   | Data de solicitude | Data de recepción     | Pronunciamento               |
|---|--------------------|-----------------------|------------------------------|
| <b>Administración autonómica</b>                                |                    |                       |                              |
| DX Ordenación do Territorio e Urbanismo                         | 01/09/22           | 14/11/22              | Observacións                 |
| DX Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático         | 01/09/22           | 14/10/22              | Observacións                 |
| Augas de Galicia  | 01/09/22           | 14/11/22              | Observacións                 |
| Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)                         | 01/09/22           | 20/04/23              | Favorable condicionado       |
| DX Patrimonio Cultural  | 01/09/22           | 10/10/22              | Favorable con observacións   |
| DX Patrimonio Natural   | 01/09/22           | -                     | -                            |
| DX Planificación Enerxética e Recursos Naturais                 | 01/09/22           | 28/09/22 (XT Lugo)    | Observacións                 |
|   |                    | 06/10/22 (XT Ourense) | Observacións                 |
| DX Mobilidade   | 01/09/22           | 04/11/22              | Favorable con observacións   |
| Instituto de Estudos do Territorio (IET)                        | 01/09/22           | 07/12/22              | Sen obxeccións               |
| DX Planificación e Ordenación Forestal                          | 01/09/22           | 21/10/22              | Favorable (XT A Coruña)      |
|   |                    |                       | Favorable (XT Lugo)          |
|   |                    |                       | Observacións (XT Ourense)    |
|   |                    |                       | Observacións (XT Pontevedra) |
| DX Defensa do Monte   | 16/09/22           | 02/11/22              | Observacións                 |
| DX Emerxencias e Interior                                       | 01/09/22           | 09/06/22              | Favorable                    |
| Secretaría Xeral da Presidencia                                 | 16/09/22           | -                     |                              |
| Axencia Turismo Galicia   | 16/09/22           | -                     |                              |
| V.S. e C.Presid.,Xusticia e Deportes (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22           | -                     |                              |
| V.S. e C.Presid.,Xusticia e Deportes (DX Administración Local)  | 16/09/22           | -                     |                              |





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO  
DA VIVENDA E SOLO

|  |          |                        |                  |
|--|----------|------------------------|------------------|
| C. Facenda e Adm.Pública (Secretaría Xeral Técnica)            | 16/09/22 |                        |                  |
| C. MA,Territorio e Vivenda (Secretaría Xeral Técnica)          | 16/09/22 |                        |                  |
| C. MA,Territorio e Vivenda (XESTUR)                            | 16/09/22 |                        |                  |
| C. Infraest. e Mobilidade (Secretaría Xeral Técnica)           | 16/09/22 |                        |                  |
| V.P. e C.Economía,Industria e Innov.(Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | -                      |                  |
| V.P. e C.Economía,Industria e Innov. (IGAPE)                   | 16/09/22 | -                      |                  |
| V.P. e C.Economía,Ind. e Innov.(Axencia Galega Innovación)     | 16/09/22 | -                      |                  |
| C.Cultura, Educación,FP e Univers.(Secretaría Xeral Técnica)   | 16/09/22 | -                      |                  |
| C. Sanidade (Secretaría Xeral Técnica)                         | 16/09/22 | -                      |                  |
| C. Sanidade (Servizo Galego de Saúde - SERGAS)                 | 16/09/22 | 27/09/22               | Sen incidencia   |
| C. Política Social e Xuventude (Secretaría Xeral Técnica)      | 16/09/22 | -                      |                  |
| C. Medio Rural (Secretaría Xeral Técnica)                      | 16/09/22 | -                      |                  |
| C. Medio Rural (DX Gandaría, Agricultura e Ind.Agroalim.)      | 16/09/22 | 20/09/22               | Sen observacións |
| C. Medio Rural (DX Desenvolvemento Rural)                      | 16/09/22 | 05/10/22 (XT A Coruña) | Sen incidencia   |
| C. Mar (Secretaría Xeral Técnica)                              | 16/09/22 | -                      |                  |
| C. Mar (DX Pesca, Acuicultura e IT)                            | 16/09/22 | -                      |                  |
| C. Mar (Portos de Galicia)                                     | 16/09/22 | -                      |                  |

|                                   | Data de solicitude | Data de recepción | Pronunciamento |
|-----------------------------------|--------------------|-------------------|----------------|
| <b>Administración local</b>       |                    |                   |                |
| Deputación da Coruña              | 31/08/22           | -                 |                |
| Deputación de Lugo                | 31/08/22           | -                 |                |
| Deputación de Ourense             | 31/08/22           | -                 |                |
| Deputación de Pontevedra          | 31/08/22           | 18/10/22          | Observacións   |
| Concello de Cabana de Bergantiños | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Zas                   | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Cerceda               | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Carral                | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Ordes                 | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello da Laracha               | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello das Pontes               | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello do Corgo                 | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Palas de Rei          | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello do Valadouro             | 31/08/22           | 07/10/22          | Observacións   |
| Concello do Barco de Valdeorras   | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello do Carballiño            | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Maside                | 31/08/22           | 22/12/22          | Favorable      |
| Concello do Pereiro de Aguiar     | 31/08/22           | 15/11/22          | Observacións   |
| Concello da Estrada               | 31/08/22           | 21/06/23          | Observacións   |
| Concello de Mondariz              | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Mos                   | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Redondela             | 31/08/22           | 16/11/22          | Observacións   |
| Concello das Neves                | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Pontecesures          | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Valga                 | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Vigo                  | 31/08/22           | 02/11/22          | Observacións   |
| Concello de Gondomar              | 31/08/22           | -                 |                |
| Concello de Santiso               | -                  | 17/10/22          | Observacións   |
| Concello da Cañiza                | -                  | 15/11/22          | Observacións   |

#### Alegacións





No período de información pública formuláronse un total de 55 alegacións de particulares e asociacións e outras 1.098 rexistráronse fóra de prazo (todas elas reiterando o escrito de alegacións presentado en tempo pola Asociación Veciñal A Unión de Matamá, en Vigo). Entre as alegacións de carácter ambiental destacan:

- A Plataforma de Afectados polo Polígono Garrida-Pasaxe e diversos particulares piden que non se desenvolvan o PI A Garrida. Algúns dos particulares tamén solicitan a inviabilidade da ampliación da PTL Valadares.
- A asociación de veciños A Unión de Matamá rexeitan a proposta de ampliar as instalacións do polígono de Balaídos, pois entenden que na actualidade non se acada unha correcta convivencia entre as vivendas e a actividade industrial da Zona Franca.
- No PE de Mondariz trece alegantes non consideran acertado substituír o emprazamento da área empresarial en Chan de Cairón (Gargamala) polo novo ámbito situado no Parque Forestal da Lagoa, ao considerar que este posúe un elevado valor forestal, ambiental e social.
- No PE de Louredo, a asociación de veciños San Martiño de Vilar pide que na cartografía se represente a canle fluvial existente dende o seu manancial e se protexa, ademais de eliminar do ámbito os terreos do municipio de Redondela.
- No PE de Carballiño-ampliación un particular alega que non se xustifica a necesidade da transformación do solo que non se considera o risco de inundación, a contaminación acústica e o cambio climático, e que a formulación e selección de alternativas é deficiente. O propietario dunha parcela situada na proposta de zona verde solicita a súa exclusión do ámbito. A Asociación de Empresarios da Área Industrial de Carballiño solicita conectar as glorietas leste e sur previstas para mellorar o tráfico do polígono.
- No PE da Estrada-Toedo, a Comunidade de Usuarios de Augas de Alargos e un particular advirten a necesidade de protexer as captacións de auga existentes.
- Na PLISAN-ampliación unha empresa de áridos alega que a documentación exposta é incompleta, que non se consideran as expropiacións mineiras pasadas e que non se definen as actuacións previstas na EDAR; mentres que outra solicita que se reconsidere a situación do polígono.
- No PE de Pontecesures, tres alegantes solicitan reconsiderar a situación do polígono por distintos motivos, entre estes: afección á poboación residente; afección ao patrimonio cultural (hórreo, casa e muros); xeotécnica e vías convencionais e especies protexidas; ou non ter en conta o solo industrial da contorna.
- O Colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense considera insuficiente a superficie delimitada nas áreas de O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Pereiro de Aguiar, por mor da demanda latente derivada das intencións de expansión e ampliación das empresas de Galicia.
- O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo non ve xustificado que se eliminen superficies das áreas inicialmente previstas no PSOAEG.

**Informes e alegacións de asociacións e particulares presentadas no período de información pública da addenda 04**

| LISTADO CONSULTADOS |                                 | ORBSERVACIÓN REALIZADA MP E ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICA  | CAMBIOS DERIVADOS DA CONSIDERACIÓN DA CONSULTA   |
|---------------------|---------------------------------|---|--|
| AS PONTES           | ENCE<br>ENDESA<br>GRUPO PROFAND | Que a modificación do PSOAEG teña en consideración os proxectos estratéxicos que estanse a tramitar no ámbito de O Tesouro-Portorroibo e que poderían entrar en contradición co documento de ordenación do territorio. Solicitan dar prioridade aos proxectos estratéxicos ou, no caso de manter no PSOAEG a área empresarial prevista, aliñar as súas determinacións ás dos citados proxectos. | Ningún dos proxectos conta, na data de elaboración do documento de PSOAEG, con aprobación definitiva, considerase que a modificación nº 2 do PSOAEG debe continuar coas súas previsións. Porén, en atención ás expectativas de aprobación de futuros proxectos de interese estratéxico, <b>incluírase na documentación do PSOAEG a determinación de que en caso de se aprobar algún PIE con posterioridade á aprobación definitiva da Modificación nº 2 do</b> |



|              |   |   |  |
|--------------|---|---|--|
|              |   |   | <b>PSOAEG, as determinacións incluídas nos PIE, prevalecerán sobre as previstas no PSOAEG.</b> |
| MONDARIZ     | 3 alegacións (Concello do Mondariz e alegacións particulares) | Sexa reconsiderada a ubicación e delimitación da área empresarial prevista en Mondariz por outra localizada no lugar de Faxilde, xa que esta nova ubicación responde mellor aos intereses das empresas alegantes  | <b>Rexeitada</b>   |
| PONTECESURES | Concello de Pontecesures Plataforma veciñal                   | Manifestan o desacordo pola proposta de delimitación da área empresarial, argumentando a súa desproporcionalidade e inadecuación ás necesidades do municipio, mesmo, recordando a existencia de afeccións (xa manifestadas na alegación ao documento de aprobación inicial exposto en 2022) sobre o medio hídrico, sobre a poboación e sobre a paisaxe, entre outras.   | <b>Rexeitada</b>   |
|              | Concello de - Valga   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Excluir da área empresarial de Pontecesures os terreos que pertencen ao termo municipal de Valga, xa que poderían afectar, por proximidade, a dotacións públicas deste concello.</li> <li>• Que a evacuación de augas residuais realícese dende instalacións pertencentes ao municipio de Pontecesures, dada a existencia de problemas que empeoran en épocas de enchentas.</li> </ul> | <b>Rexeitada.</b>  |
| VALGA        | Concello de Valga   | Sexa considerada, na modificación nº 2 do PSOAEG, a futura área empresarial de Valga como unha actuación "en tramitación", eliminando as referencias a "en estudo".   | <b>Rexeitada</b>   |
| VIGO         | Concello de Vigo  | O Concello de Vigo presenta un escrito onde fai un repaso ao trámite da modificación do PSOAEG e da addenda 04. Conclúe que non se observan modificacións respecto da documentación técnica que foi obxecto de informe municipal en data 02/08/2021.  | -  |

### INTEGRACIÓN NO PLANEAMENTO

Tomando en consideración as alegacións e suxestións formuladas nos trámites de información pública e consultas, se revisou o estudo ambiental estratéxico e elaborou a proposta final de MP2 (documento para a formulación da declaración ambiental estratéxica). A continuación resúmense algúns aspectos relevantes que foron modificados:

#### Con carácter xeral:

- Renúnciase na MP2 a determinar o cambio na clasificación do solo nas áreas empresariais previstas e difírese este cambio aos instrumentos que establezan a súa ordenación pormenorizada, que serán proxectos de interese autonómico (PIA) ou ben plans estruturantes de ordenación do solo empresarial (PEOSE).
- Establécese que no momento de formular o instrumento que establece a ordenación detallada (PIA ou PEOSE) haberá que xustificar a conveniencia e oportunidade do desenvolvemento urbanístico, con especial consideración aos motivos de demanda e necesidade de solo empresarial na área de influencia do enclave previsto.
- Incorpórase a necesidade de que os instrumentos de ordenación pormenorizada realicen un estudo de tráfico e avaliación da mobilidade, no que se analizará entre outras cuestións a repercusión que a futura implantación empresarial puidera ter no tráfico en xeral e no transporte público, no caso de existir, na área territorial de influencia, e mesmo as determinacións precisas para o fomento do transporte público e dos desprazamentos non motorizados.

#### Afectando a varios ámbitos:



- Nas áreas empresariais de Meirama e Carballiño establécense a necesidade de que os PIA realicen un estudo sobre a posibilidade de conectarse á rede ferroviaria.
- Na ficha da área empresarial de Meirama elimináronse as determinacións relativas á posible protección de edificacións e instalacións industriais susceptibles de valoración, xa que na actualidade xa foron demolidas.
- Requirírase a aprobación do Consello da Xunta para a previsión de áreas empresariais en terreos que sufriron incendios (PE de Louredo, ampliación da PLISAN e Valadares) ou sufran no futuro segundo a administración competente en materia de montes e incendios forestais.

#### En ámbitos concretos:

PE do Barco de Valdeorras - ampliación:

- Intégrase na ficha que a restauración de zonas verdes se realizará con criterios que favorezan a conservación da poboación do sapo dos esporóns (*Pelobates cultripes*).

PE de Cerceda:

- Intégrase no anexo do estudo do recurso auga e na ficha de ordenación da área empresarial a necesidade de ampliar as instalacións de captación e tratamento de augas existentes para os concellos de Ordes e Cerceda, xa que son insuficientes.

PE do Carballiño - ampliación:

- A ficha establece como determinación que o instrumento de desenvolvemento debe valorar a posibilidade de executar o viario de enlace entre as rotondas este e sur do parque empresarial.
- Exclúense unha parcela de 1,34 ha do ámbito ao considerar que non constitúe solo aproveitable para a actividade industrial por estar afectado por unha canle e a súa zona de inundabilidade.
- O instrumento de desenvolvemento realizará un estudo sobre os mananciais e valorará a súa posible afección.

PE Louredo:

- Na cartografía da ficha correspondente ampliase a delimitación dunha canle fluvial, grafando correctamente o curso dende a súa nacente, e a zona verde de protección para abranger a totalidade do seu percorrido.

PE de Pereiro de Aguiar - ampliación:

- Ante a demanda de empresarios da zona de máis solo industrial trasladada polo Concello, ampliase o ámbito delimitado en 3,07 ha (un 15% máis que a proposta inicial).

PE A Estrada/Toedo - ampliación:

- Establécense a determinación de marcar unha zona verde de protección cautelando dunha mina de auga e de que o instrumento de desenvolvemento realice un estudo para determinar o alcance de dita protección ou ben promover un abastecemento alternativo á poboación afectada.

PLISAN - ampliación:

- Contéplase a posibilidade dun desenvolvemento da área empresarial por fases no caso de que interese manter os aproveitamentos mineiros que teñen concesión.

### ADECUACIÓN Á DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Na resolución pola que se formula a Declaración Ambiental Estratéxica apreciase os seguintes erros documentais:

— Como medida específica para o ámbito do PE O Barco de Valdeorras-ampliación, o EsAE propón eliminar escombros, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación. Suxírese incorporar esta medida ás determinacións da ficha-resumo.

— En Galicia a área de distribución potencial da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras está constituída polas zonas húmidas costeiras (franja de 15 km) con vexetación palustre de grande porte, tal como sinala o artigo 6 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia. Non se detectou a existencia deste tipo de humidais no ámbito da MP2, polo que se deberá revisar o contido do EsAE ao respecto.

— No ámbito da PLISAN-ampliación localízase unha zona húmida de orixe artificial procedente dunha antiga escavación mineira. A ficha-resumo recolle como determinación vinculante que "Establécense dúas zonas, segundo se expresa no plano, co obxectivo de preservar o medio hídrico do rego Xuliana e a zona húmida e vexetación asociada xerada en torno aos depósitos das antigas minas a ceo aberto", porén, na cartografía da ficha tan só se reflicte unha zona verde que integra o rego Xuliana.

Se fixeron os seguintes trocos na MP:

- Incorporouse a medida de eliminar escombros, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación, na ficha resumen.





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO  
DA VIVENDA E SOLO

- Realízanse correccións no EAE en varios ámbitos, eliminando a consideración de que se sitúan dentro da área de distribución potencial do Plan de recuperación da Escribenta das Canaveiras. Isto débese a inexistencia de zonas húmidas costeiras con vexetación palustre de gran porte.
- No ámbito PLISAN-ampliación corríxese e só se establece unha zona, segundo expresa o plano, co obxectivo de preservar o medio hídrico do rego Xuliana.





### III. Razóns da selección da alternativa seleccionada en relación coas alternativas consideradas.

#### III.1 Análise das alternativas

| Concello   | Alternativa 0 (PSOAG actual)  | Alternativa de consenso   | Alternativa 2                        |
|--|---|---|--------------------------------------|
| PE CABANA DE BERGANTIÑOS                             | Maior impacto ambiental xa que afecta a máis canles fluviais, e a súa maior superficie conleva un maior consumo recursos    | O impacto no medio natural e paisaxístico é moi inferior. Ademais presenta unha mellor conectividade.   | -                                    |
| PE MEIRAMA   | Espazo en recuperación ambiental, incompatible co desenvolvemento industrial  | Ámbito preimpactado, cunha boa capacidade para o desenvolvemento industrial   | -                                    |
| PE A LARACHA   | -   | Alternativas cun impacto ambiental e paisaxístico similar. A alternativa 2 presenta un impacto paisaxístico lixeiramente superior, mentres que a alternativa de consenso presenta un maior consumo de solo e de recursos. | -                                    |
| AS PONTES (AIL DO TESOURO-PORTORROIBO /PENAPURREIRA) | -Grandes movementos de terra que dificultan a viabilidade desta alternativa.  | Proposta cun menor impacto ambiental froito da súa urbanización parcial. Na zona de maior valor ambiental cualificaríase como espazo libre (ribeiras do Lago)   | -                                    |
| PE O CORGO   | Ámbito de maior impacto ambiental xa que afecta a un ámbito de maior superficie con masas de bosques de ribeira e carballos | Esta proposta estase tramitando por medio dun PIA.  | -                                    |
| PE PALAS DE REI (FASE III)                           | Os efectos ambientais son similares.  |   |                                      |
|  | Presenta unha maior afección ao camiño xacobeo e ao curso fluvial.  | Esta alternativa presenta unha menor afección do patrimonio cultural (Camiño Francés) e protexe mellor o curso fluvial. Ademais, esta proposta estase tramitando por medio dun PIA.                                       | -                                    |
| PE O VALADOURO                                       | Os efectos ambientais das tres alternativas son moi similares, con pequenas diferencias                                     |   |                                      |
|  |   | A selección da alternativa 1 débese a que a totalidade dos terreos sexan municipais, facilitando a xestión deste ámbito empresarial.  |                                      |
| PE DO BARCO DE VALDEORRAS                            | Estas alternativas presentan un menor risco de inundación, especialmente a alternativa 2                                    |   |                                      |
|  |   | -A existencia de varias parcelas de titularidade pública, fan que a alternativa 1 sexa máis viable por reducir custos na xestión do solo empresarial.   |                                      |
| PE CARBALLIÑO-MASIDE                                 | As dúas alternativas propostas presenta un impacto similar  |   |                                      |
|  | -   | Esta alternativa presenta unha maior oferta de solo e por tanto unha maior ocupación do territorio e impermeabilización pero ten un impacto menor social e paisaxístico xa que se afasta do núcleo do Carballiño          |                                      |
| PE PEREIRO DE AGUIAR                                 | -   | Esta alternativa presenta unha mellor integración xa  | Esta alternativa ademais dunha maior |



| Concello   | Alternativa 0 (PSOAG actual)  | Alternativa de consenso  | Alternativa 2  |
|--|---|--|--|
|  |   | que presenta unha menor urbanización   | urbanización do solo, afecta a varios canles fluviais.   |
| PE MONDARIZ                                      | Esta alternativa presenta unha reducida integración ambiental e unha baixa viabilidade. | Esta alternativa presenta un lixeiro menor impacto que a alternativa 2.  | A proximidade ao ZEC río Tea e o río Xabriña así coma a existencia de carballeiras fan que presente unha lixeira peor integración. |
| PLISAN   | -   | Única alternativa  | -  |
| PE. TOEDO  | -   | Única alternativa  | -  |
| P.E. CIDADE DO MOBLE                             | -   | - Presenta unha mellor integración ambiental, xa que reduce considerablemente a súa superficie, limitándose ao ámbito máis urbanizado  | -  |
| PE LOUREDO                                       | -   | Estas alternativas presentan unha integración similar  |  |
|  |   | As modificacións que desenvolveron a alternativa 1.1, xunto cas medidas establecidas (zonificación de espazos libres) fan que esta alternativa sexa a máis viable e a de menor impacto | Aproveitamento reducido de novo solo industrial si se ten en conta as zonas inundables e xa urbanizadas.                           |
| PE PONTECESURES                                  |   | Esta alternativa xa se está tramitando por medio de un proxecto de Interese Autonómico do Parque empresarial de Pontecesures   |  |
| PE VALGA (Fases I, II e III)                     | Maior afección xa que contempla a alternativa 1 e 2.                                    | - Presenta unha maior exposición visual e por tanto paisaxística.<br>- Esta alternativa integra en xeral mellor os criterios ambientais  | A afección do ciclo hídrico e sobre o patrimonio natural é máis elevada  |
| PE BALAIOS                                       |   | Única alternativa  |  |
| AMPLIACIÓN TECNOLÓXICO E LOXÍSTO SUR (VALADARES) |   | - O axuste na delimitación do ámbito non supón variacións nos efectos ambientais da proposta do PSOAG, xa que non son variacións significativas  |  |
| AMENAL- PEINADOR                                 | -   | A alternativa 1 supón a redución da superficie do sector que repercutira na minimización da ocupación do solo, un menor consumo enerxético e de recursos e por tanto de residuos.      |  |
| A GARRIDA  | -   | O axuste na delimitación do ámbito non supón variacións nos efectos ambientais da proposta do PSOAG, xa que non son variacións significativas  |  |

### III.2 Xustificación da selección

As propostas da alternativa de consenso presentan unha mellor integración respecto aos obxectivos de modificación, á maior parte dos criterios de sustentabilidade e ás consideracións do Documento de Alcance



**MEDIDAS ADOPTADAS PARA O SEGUIMENTO DOS EFECTOS NO AMBIENTE DA APLICACIÓN DO PLAN**

O seguimento ambiental da MP establecerase e describirase un Programa de Vixilancia Ambiental. Neste programa se verificará o cumprimento das medidas previstas no EsAE (indicador 1). Ademais, basearase no artigo 51 "Seguimento das declaracións ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos" da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental no que se establece a necesidade dun seguimento dos efectos no medio da aplicación e execución do plan. Grazas ao sistema de seguimento identificaranse rapidamente os efectos adversos non previstos, así como as posibles desviacións do plan, permitindo levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos e corríxilos.

O órgano substantivo, IGVS, realizará un seguimento dos efectos no ambiente da aplicación ou desenvolvemento da MP nº2, co obxecto de identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder levar a cabo as medidas adecuadas para evitalos. Para elo o promotor deberá remitir ao órgano substantivo, nos termos establecidos na declaración ambiental estratéxica, os informes de seguimento nos que incluírá un listado de comprobación das medidas previstas no programa de vixilancia ambiental.

O órgano ambiental, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, CMATV, Xunta de Galicia, participará no seguimento e poderá solicitar información así como realizar as comprobacións que considere necesarias. O informe de seguimento ambiental versará sobre o cumprimento das determinacións e medidas correctoras especificadas na declaración ambiental estratéxica.

O programa de seguimento ambiental deberá conter as medidas de seguimento ambiental precisas para dar cumprimento ás determinacións establecidas polo Órgano Ambiental. Neste programa integranse as actuacións de seguimento ambiental e o control das obras.

O programa de seguimento ambiental responderá aos seguintes criterios:

- Determinación do responsable ou responsables do seguimento.
- Identificar os indicadores para avaliar os distintos aspectos ambientais.
- Fixar a periodicidade e valóralo límite nos indicadores propostos.
- Establecemento periódico dos informes técnicos (anual, desde o comezo da execución).

O Plan de seguimento desenvolverase no período de vixencia do plan sectorial.

| INDICADOR  | DESCRIPCIÓN  |
|--|--|
| <b>1. Cumprimento das medidas ambientais</b>               | Normativa dos instrumentos que desenvolvan os ámbitos recollidos na MP nº 2 do PSOAE G.  |
| <b>2. Calidade das obras e uso do ámbito a desenvolver</b> | Este indicador dá información sobre as queixas da poboación derivadas da mala xestión ou uso indebido do ámbito durante a súa fase de funcionamento. |
| <b>3. Conservación das masa naturais</b>                   | Superficie dedicada a zona verde   |
| <b>4. Eliminación das especies invasoras</b>               | Intervencións para eliminar as especies exóticas invasoras dos espazos públicos  |
| <b>5. Nº de xacementos arqueolóxicos postos en valor</b>   | Xacementos arqueolóxicos sinalizados dentro dun espazo libre ou zona verde   |
| <b>6. Solo libre de ocupación</b>                          | Indicador do superficie libre de urbanización (Zonas verdes, e coberturas vexetais e naturais de solo rústico)                                       |
| <b>7. Evolución demográfica</b>                            | Avaliación da dinámica da poboación ao longo do tempo  |
| <b>8. Accesibilidade a equipamentos públicos</b>           | Superficie dotacional dos ámbitos  |
| <b>9. Nº de empresas nos concellos afectados</b>           | Número de empresas ubicadas no ámbito  |
| <b>10. Existencia de Carril bici</b>                       | Metros lineais de carril bici nos ámbitos.   |
| <b>11. Empresas con sistemas de xestión ambiental</b>      | Empresas con ISO 14.001 ou EMAS no concello ou ámbito  |
| <b>12. Consumo de auga potable</b>                         | Consumo medio de auga por habitante e día.   |
| <b>13. Xestión de residuos</b>                             | T (residuos xerados)   |

Os indicadores detállanse no apartado 10.1 do Estudo Ambiental Estratéxico

